

**ACORDOS**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DIA 28 DE ABRIL DE 2016**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día vinte e oito de abril de dous mil seis, réunese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

***Secretaria:***

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

1. APROBACION DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, SE PROCEDE.-
2. DECRETO 37/ 2016.SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA SOLICITADA POR D<sup>a</sup> M.B.P.- J.U.S. PARA VIVENDA UNIFAMILIAR.-
3. ACORDO APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION DO P.O.S. 2016.-
4. CORRECIÓN DE ERRO NA LICENZA SEGREGACIÓN DE FINCA Nº XXX DO POLIGONO 502. SOLICITADA POR DON M.V.V. NOME E REPRESENTACION DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>C.L.L.-
5. ADXUDICACIÓN DO TRAMO DE CAMIÑO DE CROTO A GUILLUFE, A FAVOR DE A.L.L.-
6. ADXUDICACIÓN DA LICENZA DE TAXI A FAVOR DE D. J.M.G.R.-
7. COMUNICACION PREVIA DE OBRAS PARA PECHE DE PARCELA XXXX DO POLIGONO 501 DE DON A.L.P.-
8. COMUNICACION PREVIA DE OBRAS PARA PECHE DIAFANO PARCIAL DE PARCELA, DE DON J.P.M.-
9. APROBACIÓN DE FACTURAS.-
10. APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABASTECIMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2016.-
11. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.PARA EQUIPACIÓN E MELLORA DO LOCAL CULTURAL DE NUMIDE.-
12. SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA PARA SUFRAGAR AS FESTAS PARROQUIAIS.-
13. ESCRITO VECIÑOS.-
14. COMUNICACIÓN DE PARTICIPACIÓN NO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E AS ENTIDADES LOCAIS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.-
15. PRESUPOSTO DESBROZADORA.-
16. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.-
17. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, PARA ADOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO.-

18. SOLICITUDE DE ESPECTACULOS DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA ANO 2016.-  
 19. INFORMACIÓNS DA ALCALDIA.-  
 20. ROGOS E PREGUNTAS.-

### 1. APROBACION DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, SE PROCEDE.-

Acordos adoptados:

Son aprobadas as actas das sesións seguintes:

- . Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 6/2016 que tivo lugar o 29 .03 .20 16.
- Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local número 7/2016 que tivo lugar o 07.04.2016.

### 2. DECRETO 37/ 2016.SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA SOLICITADA POR D<sup>a</sup> M.B.P.- J.U.S. PARA VIVENDA UNIFAMILIAR.-

A Xunta de Goberno Local dase por enterada quedando aprobado o presente punto .

### 3. ACORDO APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION DO P.O.S. 2016.-

Acordos adoptados:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para as obras consistentes en:

Denominación da Obra	Orzamento Base Licitación	LV.E.	Orzamento Total	Partida orzamentaria
Camiño Buño - Escola de Belvis (Numide)	26.197,58	5.501,49	31.699,07	454.619,04
Praza en Santaia (Gorgullos) e Outros	31. 711,94	6.659,51	38.371,45	1.532.619,04
Camiño Tañe - Seixan (Cabaleiros) e Outros	32.681,49	6.863,11	39.544,6	454.619,04
Camiño en Pazos (Andoio) e Outros	26.769,6	5.621,62	32.391,22	153.161.904
<b>TOTAIS</b>	<b>117.360,61</b>	<b>24.645,73</b>	<b>142.006,34</b>	

SEGUNDO: Autorizar, pola contías indicadas en euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo ás partidas sinaladas do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2016 .

TERCEIRO: Incluír o prego de cláusulas administrativas particulares tipo da Deputación Provincial da Coruña que rexerán o contrato de obras incluídas no Plan de Obras e Servizos 2016 por procedemento negociado sen publicidade, segundo indicado na circular do organismo provincial para a adxudicación destes contratos.

CUARTO: Solicitar ofertas as seguintes empresas:

- Obras y Viales de Galicia, S.L.

- Syr Amg, S.L.U.
- Gr Construcciones, Obras y Servicios, S.L.U.
- Construcciones Lopez Cao, S.L.
- Alcomte Galicia, S.L.
- Atlántica de Construcción y Medio Ambiente, S.L.

#### **4. CORRECCIÓN DE ERRO NA LICENZA SEGREGACIÓN DE FINCA Nº XXX DO POLIGONO 502. SOLICITADA POR DON M.V.V. NOME E REPRESENTACION DE Dª MªC.L.L..-**

Acordos adoptados:

Autorizar o acto de segregación e división de parcelas, segundo a proposta formulada polo solicitante e que se recollen no informe elaborado polo perito agrícola don M.V.V. de Marzo de 2015, escrito de rectificación do mesmo con data 12 de abril de 2016 e informe emitido pela asesoría xurídica da Deputación Provincial de A Coruña con data 18 de marzo de 2014, facendo constar expresamente ao Rexistro da Propiedade e en todos os actos de transmisión da propiedade a inedificabilidade dos terreos resultantes desta división, e aprobar a liquidación das taxas segundo a ordenanza reguladora vixente.

#### **5. ADXUDICACIÓN DO TRAMO DE CAMIÑO DE CROTO A GUILLUFE, A FAVOR DE A.L.L..-**

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. - Adxudicar a don A.L.L. o tramo de camiño público de Croto a Guillufe, dunha superficie aproximada de 900 m<sup>2</sup>, que dá acceso ás fincas denominadas Chousa do Campo, nº XXX e Espiño do Can nº XXXX (fracción da finca nº XXX) do Plano de concentración parcelaria de Gorgullos, propiedade deste concello, aprobada por Xunta de Goberno Local do 06/04/2016, por importe de MIL CATROCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (1.435,78.-)

SEGUNDO.- Notificar a don A.L.L., propietario dos inmobles lindeiros a Resolución e citalo para a sinatura do contrato de compra venda.

TERCEIRO.- Anotar o alleamento no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez formalizado o alleamento.

CUARTO.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrals, segundo a lexislación hipotecaria.

QUINTO.- Dar conta ao órgano competente da Xunta de Galicia.

#### **6. ADXUDICACIÓN DA LICENZA DE TAXI A FAVOR DE D. J.M.G.R..-**

Acordos adoptados:

Que con carácter previa a súa adxudicación, se lle remita, conforme ao establecido no artigo 16.4 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, con carácter previo á resolución do procedemento de adxudicación, ao Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivencia a documentación das persoas

seleccionadas, para que, no prazo máximo de tres meses, emita un informe vinculante sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular de autorizacións interurbanas de taxi. Unha vez emitido o devandito informe, o Concello resolverá o concurso e adxudicará a correspondente licenza de taxi que inscribirá no Rexistro de Títulos Habilitantes.

#### **7. COMUNICACION PREVIA DE OBRAS PARA PECHE DE PARCELA XXXX DO POLIGONO 501 DE DON A.L.P..-**

Acordos adoptados:

Autorizar a solicitude, previa liquidación dos impostos correspondentes que regula a vixente normativa municipal.

#### **8. COMUNICACION PREVIA DE OBRAS PARA PECHE DIAFANO PARCIAL DE PARCELA, DE DON J.P.M..-**

Acordos adoptados:

Autorizar a solicitude, previa liquidación dos impostos correspondentes que regula a vixente normativa municipal.

#### **9. APROBACIÓN DE FACTURAS.-**

Acordos adoptados:

Son aprobadas por unanimidade dos asistentes para que se abonen con cargo á partida correspondente e do viexente orzamento:

<b>Aplicació</b>	<b>Importe</b>	<b>Nombre Ter.</b>	<b>Factura</b>
2016.920 21600	1211,21€	IDE INFORMATICA, S.C.	F/2016/564
2016.334 21200	5100,11€	CASTRO RIOS, JESÚS MANUEL	F/2016/565

#### **10. APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABASTECIMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2016.-**

Acordos adoptados:

Prestarlle a súa aprobación e que se faga a exposición pública do mesmo a través do tablón de edictos e publicación no Boletín Oficial da Provincia . -

## **11. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.PARA EQUIPACIÓN E MELLORA DO LOCAL CULTURAL DE NUMIDE.-**

Acordos adoptados:

1º Solicitar unha axuda a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a equipación e mellora do Local Cultural de Numide, por un importe de 13.828,11 euros, ao abeiro da Orde do 11 de marzo de 2016

2º Que existe consignación presupostaria axeitada e suficiente para facer fronte ao importe restante que ascende a 3458,11 euros

3º Este Concello non solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos para o que se solicita esta subvención.

4º O local no cal se pretenden realizar as obras é o Centro socio-cultural de Numide, de titularidade municipal, segundo consta na documentación existente nesta Secretaria.

5º Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor alcalde don Antonio Pereiro Líñares.

6º Este Concello ten aprobada a Conta Xeral do ano 2014, última legalmente esixible, e presentada ante os órganos de control externos.

## **12. SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA PARA SUFRAGAR AS FESTAS PARROQUIAIS.-**

Acordos adoptados:

Conceder unha axuda de 300,00€, si cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente.-

## **13. ESCRITO VECIÑOS.-**

- Recíbese escrito número de rexistro de entrada 453 de don J.O.C. con domicilio na parroquia de Gorgullos deste termino municipal, expoñendo que rompiu unha roda na carretera de Vilartarreo. Visto o escrito e documentación presentada a Xunta de Goberno Local acorda requerirlle a seguinte documentación:
  - Informe da Garda Civil
  - Lugar dos feitos
  - 3 presupostos para o arranxo dos danos ocasionados
  - e demais probas e alegacións necesarias que considere oportunas.

## **14. COMUNICACIÓN DE PARTICIPACIÓN NO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E AS ENTIDADES LOCAIS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.-**

O señor alcalde da conta do escrito enviado a Consellería do Medio Rural en relación co convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016,2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento

Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014 -2020 ; comunicando que este Concello está interesado en suscribir en materia de:

- Participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal.
- Participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa de 5 compoñentes.

#### **15. PRESUPOSTO DESBROZADORA.-**

Acordos adoptados:

Iniciar o expediente.

#### **16. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.-**

Acordos adoptados:

1º Solicitar unha axuda a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o proxecto de "contratación de persoal licenciado con coñecemento en materia de arquivos para dixitalizar actas de pleno dende o 1840-2001 por un importe total de 2.000,00euros".

2º Que existe consignación presupostaria axeitada e suficiente para facer fronte ao importe restante que ascende a 400,00euros.

3º Este Concello non solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos para o que se solicita esta subvención.

4º Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

5º Este Concello ten aprobada a Conta Xeral do ano 2014, última legalmente esixible, e presentada ante os órganos de control externos.

#### **17. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, PARA ADOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO.-**

Acordos adoptados:

1º Solicitar unha axuda a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por un importe de 1.000,00€. para dotación de novidades editoriais en galega en formato físico, con destino a biblioteca municipal de Tordoia ao abeiro da Orde do 1 de marzo de 2016.

2º Este Concello non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos para o que se solicita esta subvención.

3º Este Concello ten aprobada a Conta Xeral do ano 2014, última legalmente esixible, e presentada ante os órganos de control externos.

4º A Biblioteca municipal deste concello permanece aberta ao público 25 horas semanais.

5º Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

## **18. SOLICITUDE DE ESPECTACULOS DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA ANO 2016.-**

Acordos adoptados:

Solicitar os seguintes espectáculos dentro do programa Rede Cultural:

- 1- Danza profesional: Nome do grupo: Duende Sico :Halloween Performance, Pontepedra - Cabaleiros
- 2- Danza profesional: Nome do grupo: Xandobela: Eira Xandobeleira, Pontepedra-Cabaleiros
- 1- Música profesional: Nome do grupo: Ludmila Orlova: concerto en familia con Ludmila Orlova. Pontepedra - Cabaleiros
- 2- Música profesional: Nome do grupo: grupo de gaitas Espadana: Gaiteiros e Cabezudos . Gorgullos
- 1- Teatro e monicreques profesional: Nome do grupo: Garabato de xogos: O circo de Piter, Pontepedra - Cabaleiros.
- 2- Teatro e moicreques profesional: Nome do grupo: Trinketrinke Teatro: aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada berenguela, Pontepedra -Cabaleiros.
- 1- Non Profesionais: Nome do grupo: Charanga Os campantes da Baña, para a romería da 3ª idade. Pontepedra - Cabaleiros.
- 2- Non Profesionais: Nome do grupo: Trío Capricho: Bailemos por sempre, Liste Numide
- 3- Non Profesionais: Nome do grupo: Grupo de baile da Asociación Cultural Os Xeitosos de Trazo, Viladeabade.

2. Este concello comprométese a facer fronte ás abrigas económicas derivadas deste programa no presente ano.

3. Este concello ao que represento está ao corrente das abrigas tributarias e coa Seguridade Social

4. Que todos os datos que constan nesta solicitude son correctos.

5. Que este concello coñece e acepta as bases da convocatoria.

6. Este concello autoriza a Deputación para que obteña as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente das súas abrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordenar os pagos das actuacións.

7. Nomear como representante legal do concello ante a administración o señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

## **19. INFORMACIÓNS DA ALCALDIA.-**

Non se presentan.

## **20. ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.